



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: intervencion@arteixo.dicoruna.es

ORDENANZA FISCAL Nº 9

TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE REDE DE SUMIDOIROS E CONTROL E INSPECCIÓN DE SUMIDOIROS PRIVADOS

ARTIGO 1. *Fundamento*

No uso das potestades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei //85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a TAXA POR PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE REDE DE SUMIDOIROS E CONTROL E INSPECCIÓN DE SUMIDOIROS PRIVADOS, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, atendendo as súas normas ao disposto no artigo 57 do devandito R.D. lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ARTIGO 2. *Feito impositivo*

1. Constitúe o feito impositivo desta taxa a prestación dos servizos públicos municipais de recepción obrigatoria, que deseguido se enumeran, prestados polo Concello de Arteixo, en réxime de xestión indirecta na modalidade de sociedade mercantil de economía mixta (E.M):

- a) Tramitación administrativa na alta da rede de sumidoiros.
- b) Dispoñibilidade do servizo.
- c) Utilización das redes de sumidoiros e os servizos para o saneamento de augas residuais.
- d) Control e inspección dos sistemas de sumidoiros privados (fosas sépticas, pozos negros, etc).

ARTIGO 3. *Suxeitos pasivos*

1. Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 36 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e artigo 23 do R.D. lexislativo 2/21004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que soliciten, resulten beneficiadas ou sexan usuarias dos servizos descritos no artigo 2 da presente ordenanza.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1

Fax: 981 64 06 67

15142 ARTEIXO (A Coruña)

Email: intervencion@arteixo.dicoruna.es

2. Terán a consideración de substitutos do contribuínte, os propietarios das vivendas ou locais aos que se preste o servizo, podendo repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

ARTIGO 4. Responsábeis

1. Serán responsábeis solidarios da débeda tributaria as persoas e entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Serán responsábeis subsidiarios da débeda tributaria as persoas e entidades a que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

ARTIGO 5. Tarifas.

1. Tramitación administrativa.

1.1. Tramitación administrativa de alta na rede de sumidoiros..... 29,5120 €

2. Tarifa sumidoiros.

2.1. Tarifa usos domésticos.

2.1.1. Cota trimestral de disponibilidade do servizo.....4,4800 €

2.1.2. Consumos menores ou iguais a 25 m3.....0,1232 €/m3

2.1.3. Consumos superiores a 25 m3 ata 45 m3..... 0,2240 €/m3

2.1.4. Consumos superiores a 45 m3 e ata 90 m3 0,3360 €/m3

2.1.5. Consumos superiores a 90 m3.....0,5040 €/m3

2.2. Tarifa usos industriais.

2.2.1. Cota trimestral de disponibilidade do servizo..... 6,7200 €

2.2.2. Consumos.....0,3360 €/m3

2.3. Inspección de sumidoiros privados.

2.3.1. Cota trimestral de servizo..... 4,4800 €

2.4. Servizo de sumidoiros sen contador.

2.4.1. Mínimo 25 m3.....0,1232 €/m3

3. As tarifas contidas no artigo 5.2.2.1.2. e 5.2.2.4.1. poderán ser minoradas na porcentaxe de rebaixa ofertada polo adxudicatario no procedemento de adxudicación do contrato de xestión do servizo público de subministro de auga potabel a domicilio á E.M.

ARTIGO 6. Exencións e reducións



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1

Fax: 981 64 06 67

15142 ARTEIXO (A Coruña)

Email: intervencion@arteixo.dicoruna.es

1. Non se concederá exención ningunha na exacción da presente taxa.
2. Para os consumos iguais ou inferiores a 25 m³, cuxos usuarios teñan unha renda per cápita inferior ao IPREM (Indicador público de renda de efectos múltiples, aprobada polo Real Decreto Lei 3/2004, do 25 de xuño), e a teor do sinalado no artigo 24.4 do texto refundido da Lei das facendas locais, terán unha redución do 50 % da cota tributaria.

ARTIGO 7. Cota tributaria.

A determinación da cota tributaria deducirase da aplicación das seguintes regras:

- a) A cota tributaria, no feito impoñíbel definido no artigo 2.1.a), serán as que figuran fixadas nas tarifas correspondentes.
- b) A cota tributaria, no feito impoñíbel definido no artigo 2.1.b), serán as que figuran fixadas nas tarifas correspondentes.
- c) A cota tributaria, no feito impoñíbel definido no artigo 2.1.c), calcularase segundo a operación de multiplicar o número de metros cúbicos consumidos pola tarifa establecida no artigo 5.2.1.
- d) A cota tributaria, no feito impoñíbel definido no artigo 2.1.d), estará composta da cota trimestral do servizo (artigo 5.2.3.1), que se esixirá en todo caso, e a operación aritmética resultante da multiplicación do número de metros cúbicos vertidos pola tarifa reflectida no artigo 5.2.4.1.

ARTIGO 8. Devengo e período impositivo.

1. A taxa devengarase:

- a) Para o suposto contemplado no artigo 2.1.a), a taxa devengarase no momento de formular a correspondente solicitude ou ben desde que a actividade descrita se tivera realizado sen formular a solicitude ou ter obtido a preceptiva autorización.
- b) Para os supostos de cota de disponibilidad do servizo e cota do servizo, especificado no artigo 2.1.b), a taxa devengarase no momento en que se produza a alta na prestación do servizo, sendo compatíbel e independente co esixido no feito impoñíbel co esixido no feito impoñíbel 2.1.c) e 2.1.d).
- c) Nos supostos de alta nova, desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, previa a correspondente solicitude ou desde que se utilice este sen ter obtido a previa licenza ou autorización.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1

Fax: 981 64 06 67

15142 ARTEIXO (A Coruña)

Email: intervencion@arteixo.dicoruna.es

- d) Para os supostos xa incluídos en padróns ou listaxes cobratorias, a taxa devengarase no primeiro día do período impositivo, liquidándose trimestralmente.
- e) Para os supostos contemplados no artigo 2.1.d), a taxa devengarase no momento da solicitude polo suxeito pasivo do vertido do contido da fosa séptica ou pozo negro na rede municipal ou ben desde que a E.M., a través da inspección correspondente, considerara necesario o vertido. Este suposto será plenamente compatíbel e distinto do sinalado no artigo 5.2.3 da presente ordenanza fiscal.

2. O período impositivo coincidirá co ano natural.

ARTIGO 9. Xestión, liquidación e recadación

1. A xestión e recadación da presente taxa estará encomendada á empresa mixta que a tal efecto se constitúa.

2. A empresa mixta, rematado o primeiro trimestre do ano natural, e unha vez obtida a lectura dos contadores, elaborará un padrón ou listaxe cobratorio comprensiva das liquidacións por recibo referidos á prestación dos servizos de rede de sumidoiros e control e inspección de sumidoiros privados, segundo o modelo normalizado que estableceza o Concello de Arteixo.

3. O referido padrón será aprobado, previa a fiscalización preceptiva da Intervención Municipal e exposición ao público por un período de 15 días, dentro do primeiro semestre de cada período impositivo. O prazo para formular o recurso de reposición será de un mes, contado desde o remate da exposición ao público, precisándose no acordo de aprobación, o prazo do período cobratorio, que nunca poderá ser inferior a dous meses, axustándose o mesmo ás instrucións que se dicten pola Tesourería Municipal.

4. Non será necesaria a publicación dos padróns ou listaxes cobratorias correspondentes aos restantes trimestres do período impositivo, sendo precisa tan só a notificación individual das altas ou baixas que se produzan nun trimestre con relación ao anterior.

5. O órgano competente para apremar as liquidacións e recibos non satisfeitos en período voluntario será a Tesourería municipal. Cando se produza o cobramento dos mesmos, os importes do principal e dos xuros de demora deberán reverter á E.M., sendo os recargos esixíbeis a prol do Concello de Arteixo.

6. Os recibos non cobrados devolveranse finalmente á E.M.

ARTIGO 10. Infraccións e sancións tributarias.



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Fax: 981 64 06 67

Email: intervencion@arteixo.dicoruna.es

En todo o relativo a infraccións e a súa cualificación, así como as sancións que ás mesmas corresponda en cada caso, serán de aplicación os artigos 183 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA.

Ate o momento en que formalmente estea constituída a Empresa mixta citada no presente texto normativo, a xestión e cobramento das taxas fixadas na presente ordenanza fiscal serán realizadas polo Concello de Arteixo.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza que consta de 11 artigos, unha disposición transitoria e unha disposición final, derroga a ate agora vixente, aprobada polo Concello Pleno en sesión de 30 de xaneiro de 1997.

Foi modificada segundo acordo plenario de data 28 de outubro de 2004 e 24 de novembro de 2005.

A presente modificación foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día cinco de novembro de 2007. Entrará en vigor, logo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, o día 1 de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ate a súa modificación ou derogación expresas.